

# Arnela

## A Laracha

Edición especial

“a ordenanza do PP é a copia, dunha copia, da ordenanza de Castro Urdiales”

Impreso postal sen enderezo

Esta ordenanza prohíbe colocar carteis informativos, repartir panfletos, tender a roupa nas nosas casas en lugar visible, e mesmo ata pretende prohibir a mendicidade.

## O PP quiere aprobar unha **ordenanza que limita os dereitos** dos veciños e veciñas da Laracha

O Partido Popular da Laracha, baixo a coartada de, supostamente, evitar actos de vandalismo e condutas incívicas, pretende regular nunha “ordenanza municipal sobre promoción de condutas cívicas e protección dos espazos públicos”, multitude de aspectos da nosa vida diaria.

O P.P. pretende impedirnos (baixo a fórmula da autorización previa por parte do Concello) a realización de certas actividades na vía pública (salvo, claro está, aquelas que sexan “autorizadas” e que non sexan molestas para o Partido Popular) que, na actualidade se veñen realizando con total normalidade e sen causar molestias nin provocar queixas de ningún.

**Velaquí algúns exemplos da obsesión represora do goberno municipal do P.P:**

Prohíbense (coma se non estivesen prohibidos xa), *as pintadas, escritos, inscricións e grafismos en calquera ben público ou privado* (especialmente se critican ao PP).

Queda prohibido, *salvo autorización municipal, colocar calquera tipo de anuncio en fachada de edificios públicos*

*ou privados, ... e en xeral, fóra dos lugares especialmente habilitados (especialmente a grupos políticos da oposición e a Comisións de Festas ou asociacións que non piden “axuda” ao goberno municipal).*

O artigo 30 é para a antoloxía do disparate: pois prohibe a mendicidade, a limpeza de parabrisas (supoñemos que nos inexistentes semáforos da Laracha) e os “aparcacoches non autorizados” (gorrillas), que como todo o mundo sabe é un problema de gran magnitude no nos Concello. A maiores prohibe “a petición de diñeiro ou limosna exercida de forma intimidatoria (o atraco de toda a vida) ou molesta de palabra ou obra (o concepto de “molesto” queda a criterio do concello) e o ofrecemento de obxectos ou servizos a cambio de diñeiro (é dicir, que se prohibe o comercio)”

No artigo 32 prohibe tender roupa en lugares visibles desde a vía pública, sen ter en conta que nas parroquias non existen os “patios de luces”.

Estes son só algúns exemplos desta ordenanza que o Partido Popular pretende aprobar, pero para maior despropósito, a proposta de ordenanza non é máis que unha copia literal dunha ordenanza de Neda, que á súa vez foi copiada de outra de Castro Urdiales

(Cantabria), e que desde o Concello nin se molestaron en traducir ao galego. Polo tanto esta norma, ademais de ser innecesaria (por regular cuestións xa lexisladas, inexistentes ou simplemente absurdas) resulta allea á realidade da Laracha.



O obxectivo final do Partido Popular é reinstaurar a censura previa para “controlar” que actividades se realizan na rúa (ou nas nosas propiedades privadas) e, sobre todo, quén as realiza; algo que lles é particularmente útil para impedir calquera crítica ou calquera actividade pública de organizacións que non sexan da súa órbita ideolóxica, é isto éelles especialmente necesario en periodo electoral. **O BNG da Laracha quiere anunciar o seu total rexeitamento desta medida, e o seu voto en contra desta ordenanza represora e antidemocrática.**



[www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org)  
Edita: BNG A Laracha

## O Noso Local

Se desexa contactar co BNG da Laracha pode facelo no noso local os **mércres de 10:30 a 13:00 e de 18:00 a 21:00**; por correo electrónico: [alaracha@bng-galiza.org](mailto:alaracha@bng-galiza.org); ou nos teléfonos **650 426 953** (Fernando Gesto), **646 916 638** (Xoán M Sande), **663 732 919** (Carolina Castiñeiras) ou **651 170 764** (Mónica Castro).  
Máis información: [www.bng-galiza.org/alaracha](http://www.bng-galiza.org/alaracha)